



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

Expte. Nº 3/17-P

## CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

<b>Sesión de:</b> Pleno	<b>Data da sesión:</b> 30 de marzo de 2017
<b>Convocatoria:</b> Ordinaria	<b>Hora:</b> 20:00
	<b>Lugar:</b> Casa do Concello

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta da sesión do 26/01/2017 (01/17-P).-
  - 2.- Toma de coñecemento da renuncia da concelleira desta Corporación D.<sup>a</sup> Nuria Castro García.-
  - 3.- Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2015.-
  - 4.- Modificación da Relación de Postos de Traballo 1/2017, para a supresión dun posto de segunda actividade de policía local.-
  - 5.- Exame e aprobación, se procede, do Orzamento Municipal para 2017.-
- Control de Órganos de Goberno:**
- 6.- Informes e comunicacións.-
  - 7.- Mocións.-
  - 8.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario que asina á marxe, na data da sinatura dixital.-

*Achégase o borrador da acta da sesión ordinaria do 26/01/2017*



**NÚMERO 1/17**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2017.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dezasete, réunese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Nuria Castro García, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Hai unha vacante de concelleiro sen cubrir.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Toma de posesión do cargo de concelleira de D.<sup>a</sup> María del Carmen Pose Varela.-**

A Xunta Electoral Central, en aplicación do artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, expediu en data 11-1-2017 credencial acreditativa de que D.<sup>a</sup> María del Carmen Pose Varela foi designada concelleira desta Corporación, pola lista de candidatos do Partido Popular, para cubrir a vacante producida por renuncia de D.<sup>a</sup> Ariadna Rodríguez Teijeiro e previa renuncia anticipada de D. Fernando Campos Seijo.-

Dado que a nova concelleira está presente co obxecto de tomar posesión do seu cargo e que segundo dilixencia obrante no expediente a mesma presentou as declaracións ás que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, no modelo oficial aprobado polo Pleno, unha vez comprobada a credencial da concelleira electa e tras prestar esta xuramento de acatamento á Constitución na fórmula establecida polo Real Decreto 707/1979, a Alcaldía dálle posesión do seu cargo, pasando a nova concelleira a tomar parte na sesión.-

**2º.- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora da Venda Ambulante.-**

Dáse conta do ditame da Comisión informativa Xeral favorable á proposta de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 27-10-2016, resolvendo as alegacións presentadas durante o período de exposición ao público. O sr. Suárez expón a orixe da modificación, que trata de responder ás necesidades detectadas e comunicadas polos sectores interesados, e das alegacións presentadas por el mesmo neste sentido.-

O sr. Gómez anuncia o voto favorable do seu grupo, preguntando pola resposta que se vaia dar ás alegacións.-

O Sr. Anido considera que a proposta é unha absoluta improvisación que modifica o que anteriormente propuxo o mesmo goberno municipal e que o informe de Secretaría só acepta unha de cinco alegacións, é unha modificación pouco ambiciosa, non entra nas características dos postos nin no procedemento de adxudicación, e bota en falta que se achegue un plano.-

O sr. Suárez di que se falou coas cooperativas e se incorporaron as súas suxestións, que non é unha improvisación senón unha solución e que alegará contra unha ordenanza, súa ou doutros, sempre que faga falta; critica a xestión do Feirón durante o mandato da anterior Corporación e di que o sr. Anido equivócase ao dicir que o informe de Secretaría só acepta unha de cinco alegacións.-

Efectuada a votación, apróbase por maioría, con dez votos a favor e sete en contra, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 27-10-2016, desestimando as suxestións presentadas, agás as contidas nos números 1, 2, 3 e 5 do escrito de alegacións do concelleiro sr. Suárez, polo que a modificación, que consiste na nova redacción dos artigos 3 número 2, 4 números 2, 3 e 4, 10, do que se suprime o número 6, 13 número 2 letras h) e i), 15 parágrafo 2º, 16 número 3 letra i), 17 número 1 e Disposición final, queda redactada nos seguintes termos:

“Artigo 3.

2. Autorízase o exercicio da venda ambulante exclusivamente no mercado denominado Feirón a celebrar semanalmente os sábados de 17:00 horas a 20:00 horas na localidade de Sada. O ámbito territorial onde se desenvolve este mercado semanal comprende as rúas Linares Rivas, Praza de España, Oleiros, Pontedeume, Oza, Miño, Bergondo, Pintor Vaamonde, Avda. da Coruña, Praza da Igrexa Nova, Jose Monzo, Portales, Praza da Pescadería, Praciña do Conde, Cortaduría, Avda. da Mariña e 1ª Travesía da Obra, distribuíndose o ámbito territorial en catro cadrantes tal como sigue:

Cuadrante I: Comprende as rúas Praza de España, Linares Rivas, Oleiros e 1ª Travesía de La Obra.

Cuadrante II: Comprende as rúas Praza da Igrexa Nova, Oza dos Ríos, Pontedeume (Ata altura do nº 7)



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

Cuadrante III: Comprende as rúas: Pontedeume (dende o nº9), Bergondo, Miño, Avda. da Coruña, Pintor Vaamonde.

Cuadrante IV: Comprende as rúas Praciña do Conde, Jose Monzo, Portales, Praza da Pescadería, Avda. da Mariña.”.-

“Artigo 4.

2. As operacións de descarga e instalación dos postos haberán de efectuarse entre as 14,30 horas e as 17:00 horas. A fin de evitar, na medida do posible, molestias aos veciños e comercio local a instalación dos postos se fará de forma graduada, e por cadrantes:

Cuadrante I, de 14:30 a 15:00 h.

Cuadrante II, de 15:15 a 15:45 h.

Cuadrante III, de 16:00 a 16:30 h.

Cuadrante IV, de 16:30 a 17:00 h.

A desmontaxe e retirada dos postos efectuarase a partir das 20:00 horas en inverno e a partir das 21:00 horas en verán, no prazo máximo de unha hora, deixando o lugar en perfecto estado de limpeza.

3. Os postos distribuídos nas rúas en que se celebra o Feirón pertencerán a algunha das seguintes catro modalidades de posto:

Tipo A): 3x2 m

Tipo B): 5x2 m

Tipo C): 8x2 m

Tipo D): Tipo especial

4. As dimensións dos postos desmontables non excederán en ningún caso de 2 m de fondo e 8 metros de fronte, a excepción dos postos situados na rúa Oleiros, que debido ao ancho de vía non poderán exceder de 1,5 m de fondo.

Os comerciantes que opten pola modalidade de posto Tipo especial, deberán acreditar na súa solicitude a necesidade de optar a este tipo.

O Concello reservará determinada superficie de solo para a instalación de postos adxudicados temporalmente, atendendo a criterios de orixinalidade do produto ofertado, razón de tempada por cultivo, interese xeral ou necesidade pública”.-

“Artigo 10.

1. As autorizacións, que serán concedidas pola Alcaldía, están suxeitas á comprobación polo Concello do cumprimento polo petionario dos requisitos esixidos por esta Ordenanza e pola restante normativa de aplicación.

2. A concesión das autorizacións efectuarase pola orde de presentación de solicitudes, consonte coa dispoñibilidade de espazo existente.

3. Non se concederá máis dunha autorización ao nome dunha mesma persoa física ou xurídica.

4. Antes da adxudicación nun mercado periódico dun posto a un novo titular, deberán resolverse as peticións de traslado ou permuta de postos que formulen os vendedores xa situados, evitándose, en todo caso, a concentración de postos dun mesmo tipo e debendo constar, no caso das permutas, o consentimento dos titulares dos postos obxecto da mesma.

5. Os comerciantes que soliciten un posto nun mercado periódico e non se lles concedeu pasarán a formar parte dunha bolsa para cubrir de forma provisional as baixas que se produzan ao longo do ano natural, ata a nova adxudicación”.

“Artigo 13.

2. Son causas de revogación da autorización, previa audiencia do titular e resolución da Alcaldía, entre outras as seguintes:

a) Desaparición das circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou a aparición doutras que, de existir, xustificarian a súa denegación.

b) Concorrenza de causas de utilidade pública ou interese xeral, tales como a execución de obras ou reestruturación dos emprazamentos nos que se sitúe o mercado, ou por incompatibilidade sobrevida da instalación con outros servizos e obras que se estean executando na zona.

c) Por supresión do propio mercado ou feira ou redución da súa capacidade.

d) O incumprimento das condicións fixadas na licenza que dean lugar á súa revogación, previa tramitación do expediente administrativo, con audiencia ao interesado.

e) A non utilización do posto durante 3 días de feirón consecutivos ou 8 alternos nun ano, sen causa xustificada.

f) A reiterada falta de limpeza do posto e do seu entorno, unha vez finalizado o mercado.

g) A ocupación do posto por persoa non autorizada conforme ao disposto nesta Ordenanza.

h) A falta de pago das taxas municipais correspondentes á autorización.



i) Suporá a perda da autorización de forma inmediata temporalmente o feito de estar inmerso en dilixencias policiais pola comisión dun presunto delito relativo á propiedade industrial do artigo 274.2 da Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, do Código Penal”.-

“Artigo 15.

A Policía Local e os Vixiantes do Feirón velarán polo mantemento da orde e polo cumprimento do disposto nesta ordenanza e na restante normativa aplicable”.-

“Artigo 17.

1. As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento ou multa de ata 300 euros.

As infraccións graves sancionaranse con multa de 301 a 900 euros e prohibición do exercicio da venda ambulante durante dúas xornadas.

As faltas moi graves sancionaranse con multas de 901 a 1.500 euros.

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para exercer a venda ambulante para o caso de infraccións graves e moi graves”.-

“Disposición final.-

Esta ordenanza, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de xaneiro de 2017, entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local”.-

2º.- Publicar integramente o texto da ordenanza aprobada no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor unha vez que transcorra o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.-

**3º.- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal nº 8, reguladora da Taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas.-**

Examínase o expediente tramitado para a modificación da Ordenanza Fiscal nº 8, reguladora da Taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas, en razón da necesidade de actualizar as súas tarifas para prever a liquidación da taxa polas comunicacións previas, durante o período de exposición ao público do cal foi presentado un escrito de reclamación por parte da concelleira D.ª Nuria Castro García, proponendo que no artigo 1 da ordenanza se recolla a normativa que considera que dá lugar á modificación da ordenanza, para darlle maior respaldo xurídico, que no artigo 2 se cambie a referencia á Lei 9/2002, derogada pola Lei 2/2016, e no artigo 6 se faga referencia nas tarifas ao caso de non suxeición do artigo 2.2.-

O sr. Montouto fai unha detida exposición do asunto, concretando que conforme ao informe emitido é correcto o acordo de aprobación inicial, se ben pode estimarse parcialmente a única alegación presentada para corrixir a referencia á derogada Lei 9/2002, aprobando definitivamente a modificación da ordenanza fiscal de referencia, e anuncia a intención de restrinxir a utilización de citas legais concretas no desenvolvemento do Plan Normativo, para evitar a obsolescencia das normas municipais neste aspecto.-

A sra. Castro considera que a súa era unha modificación para mellora do texto da ordenanza e que hai certa acritude no informe de Secretaría; anuncia o voto favorable do seu grupo.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por unanimidade:

1º.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2.004, de 5 de marzo, una vez transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal número 8, Reguladora da Taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas, adoptado en sesión plenaria de 27-10-2016, examinada a única alegación presentada e estimándoa parcialmente nos termos do informe-proposta que figura no expediente, apróbase definitivamente a seguinte redacción da modificación da citada Ordenanza fiscal:

- Dáse nova redacción aos seus artigos 2, apartado 1, 6, apartado 1, parágrafo 1º, e á súa Disposición derradeira nos termos do texto que a continuación se transcribe, que producirá efecto a partir da súa publicación:

“Artigo 2º. - Feito impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como a súa normativa de desenvolvemento, e que teñan que realizarse no término municipal, se axustan ao planeamento e lexislación urbanísticas e, no suposto de licenzas de primeira ocupación, se a edificación pode destinarse ao uso pretendido, se se axusta ao proxecto técnico amparado por licenza e se cumpriron as condicións desta e os deberes urbanísticos a ela vencellados”.

“Artigo 6º.-

1. A contía da taxa, para as comunicacións previas, licenzas de edificación, demolición e primeira ocupación será o resultado de aplicar ao orzamento de execución material ou, no seu caso, orzamento-memoria detallado, a tarifa sinalada.”



“Disposición final.-

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de xaneiro de dous mil dezaseis, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de dita data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas”.-

2º.- O presente acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sendo dita norma de aplicación a partir da data que sinala a súa Disposición Final.-

#### **Control de Órganos de Goberno:**

##### **4º.- Informes e comunicacións.-**

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 15-12-2016 a 18-1-2017.-

- O sr. Alcalde de que os sres. membros da Corporación teñen á súa disposición a auditoría de protección de datos realizada para coñecer o estado da situación ao respecto, adaptar ós procedementos municipais á normativa na materia e ás modificacións tecnolóxicas e elaborar un novo regulamento de ficheiros que se someterá ao Pleno en breve.-

- O sr. Alcalde informa do estado de tramitación da Conta Xeral do exercicio 2015, a disposición dos sres. concelleiros ata que próximamente sexa sometida a aprobación.-

- Comunica o sr. Alcalde que hoxe a Comisión do Parlamento de Galicia previa ao Pleno dos orzamentos informou a inclusión nos orzamentos das melloras a realizar na canalización do Río Maior, co voto a favor de todos os grupos agás o do PP, manifestando a súa esperanza de que dito grupo cambie de criterio no Pleno do Parlamento e dicindo que noutro caso o concello poñerá fondos no seu presuposto.-

##### **5º.- Moción do grupo PP sobre reparación de deficiencias do alumado público.-**

A sra. Freire presenta a moción do grupo PP relativa á reparación das deficiencias que presentan os farois do alumado público, que considera urxente porque as condicións de deterioro e falta de mantemento poden dar lugar a perigo para os viandantes, pedindo que se declare a urxencia da moción.-

Sometida a votación a declaración de urxencia da moción, é a mesma desestimada por maioría, con sete votos a favor e dez en contra.-

##### **6º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Pregunta se seguen na alcaldía os pins de prata e de bronce adquiridos polo alcalde anterior por 3.000 euros, informando o sr. Alcalde de que así é e rogando o sr. Gómez que se corrixa ese despilfarro dándolles un uso ou entregándoos aos Grupos da Corporación para que o fagan eles.-

2) Pregunta se se están a fraccionar os contratos para contratar a dedo á mesma persoa burlando a Lei, o que nega o sr. Alcalde; o sr. Gómez di que o sr. Interventor advertira ao sr. Anido sendo este alcalde de que é ilegal fraccionar o contrato do arquitecto, e algo neste sentido debe advertir a Audiencia Provincial na investigación da contratación do sr. Corredoira polo sr. Anido á vista do auto de 12 de xaneiro do que da lectura, segundo afirma.-

O sr. López fai un rogo e unha pregunta:

1) Roga que se mellore o servizo de rede prestado para o novo sistema de visualización e audición dos plenos, que considera que todos pensan que é moi escaso, xa que agora a pouco que se conecten vinte persoas en streaming non se vai poder ver.-

2) Pregunta se non había outro sistema de videoacta que dea unha visión xeral do que sucede nas bancadas do Salón de Plenos, pois entende que iso é o que a xente desexa ver. O sr. Presidente responde que con sistema de vídeo acta como este non o atoparon, pero que se mirará de comprobalo.-

O sr. Tellado fai tamén un rogo e unha pregunta:

1) Roga que se lle dea a importancia que ten a Feira Modernista para Sada, pois considera que é necesario que o seu deseño non quede estancado e que cada ano medre un pouco máis, sen a politizar, pois é unha feira diferente, das poucas que hai en España sobor desta época, á que lle queda aínda moito por aportar pero que ten que se promover en feiras como FITUR para que veñan doutros lugares a desfrutar dela; o sr. Presidente amósase totalmente de acordo con relación á Feira modernista e di que por iso están a intentar conseguir a declaración de BIC para o edificio La Terraza, pois considera que é un emblema para o pobo de Sada e que antes non se fixo nada ao respecto. O sr. Suárez engade que entre o material que se levou á Feira Internacional de Turismo (FITUR) a Madrid recóllese a Feira Modernista e máis todos os eventos tanto culturais como gastronómicos que se fan en Sada, e lamenta que a última hora a Xunta de Galicia decidira suprimir as presentacións individuais en FITUR de determinados concellos, entre eles o de Sada. O sr. Tellado aclara que o rogo refírese a darlle á Feira Modernista a importancia que ten.-

2) Pregunta se o Concello vai esixir os máximos establecidos no prego de contratación para o posto de Técnico de Deportes, segundo as previsións das Bases da convocatoria da subvención que que é maior ou menor segundo o grao de formación esixido. O sr. Alcalde di que isto xa está contemplado no orzamento prorrogado do ano 2016, cun salario correspondente ao grupo B, e que está prorrogado o actual técnico de deportes ata como



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

máximo o 30 de xuño ou ata que remate o proceso de contratación do novo técnico, así como que se estudará a posibilidade de incluír na RPT e no Cadro de Persoal este posto, pois considera que se trata dun posto estrutural.-

A sra. Salorio fai os seguintes rogos e preguntas:

1) En relación cun artigo na prensa sobre as obras do colexio de Mondego no que se afirmou que non houbo obras desde 2012, roga que non se engane á prensa pois entende que non se reflectiu con rigor a realidade do esforzo municipal na execución de obras e mantemento do centro, citando obras realizadas entre 2012 e 2015 e dicindo que este goberno xestionou a subvención para a pasarela cuberta que solicitara o goberno municipal anterior, posiblemente contratándoa irregularmente.-

2) Pregunta se se sabe algo da cuberta do Colexio de Sada y sus Contornos.

A sra. Bolaño pide que o PP non interveña en función de notas de prensa cando ten a documentación dos expedientes á súa disposición; o que saíu na prensa refírese só á pasarela, e non a outras intervencións no centro escolar. Di que non houbo irregularidades na adxudicación senón que no curso de execución da obra detectouse un problema técnico de canalización de pluviais e en base aos informes técnicos parouse a obra e buscáronse medios para facer ese investimento. Con respecto á cuberta do pavillón, di que hai que volver intervir nela porque logo das obras realizadas segue a entrar auga.-

O sr. Anido solicita que o sr. Presidente poña orde cando a alguén se lle intenta ridiculizar ou insultar como el se sente insultado por parte do sr. Gómez, que di que lle ten chamado “urraca”, e fai o que chama un rogo comunicando que o grupo municipal do PP vai solicitar a anulación das licenzas de división de fincas solicitadas o 30-12-2002 por Construcciones Alborelle, que foron outorgadas pola Xunta de Goberno aquel mesmo día, na véspera da entrada en vigor da Lei 9/2002, que prohibía os parcelamentos e as edificacións residenciais en solo rústico como era o caso, petición que basea en que non constaban os preceptivos informes técnicos nin xurídicos favorables en ningunha das licenzas citadas. Conclúe rogando que non se lle admita a dimisión ao sr. Emilio Gómez de ser o caso que a presentase, como anunciara que faría se aparecese unha soa licenza aprobada por el sen ningún informe favorable.-

O sr. Presidente puntualiza que non considera que el sexa quen para non admitirle a dimisión a membro ningún desta Corporación, que é un representante da cidadanía coma eles e esa parte do rogo non lla vai admitir.-

Prodúcese unha discusión entre distintos membros da Corporación, poñendo de manifesto o sr. Anido e o sr. López que o sr. Tenreiro acaba de insultar ao primeiro, recriminando o sr. López á Presidencia que permita tal conduta, porque baixo ningún concepto ningún membro da Corporación pode recibir insultos e evitalo forma parte do labor de dirección do Pleno.-

O sr. Anido refírese a unha mención na prensa de que Sada encabeza a clasificación na provincia en concesión de licenzas de vivenda, e pregunta se esas licenzas son de promotores ou de particulares que deciden facer a súa vivenda para vir vivir a Sada, e tamén cantas desas de licenzas están caducadas, pois di ter o temor de que non se trate de particulares que queiran facer as súas vivendas e si de xente que quere obter beneficios económicos escapando da aplicación do futuro Plan Xeral. O sr. Alcalde contesta que pode consultar libremente a documentación, pero que el pode afirmar que a maior parte das licenzas son de xente que ven vivir a Sada e non de promotores, e que se notou un aumento da actividade económica na rehabilitación de vivendas. O sr. Montouto di que os datos reflecten que se trata fundamentalmente de xente que ven vivir a Sada e que se outorgaron seis licenzas de rehabilitación, que é por onde entende que ten que ir agora o urbanismo, e que polo tanto para el a noticia hai que tomala de maneira positiva.-

O sr. Gómez di que ten un rogo, que lle fai ao sr. Anido, preguntándolle con respecto da segregación das dúas vivendas de Alborelle se sabe por que desapareceu o expediente e os informes. O sr. Presidente recórdalle ao sr. Gómez que os rogos e preguntas diríxense aos órganos de goberno. O sr. Anido non obstante contesta que non hai informe porque iso é o que informa o arquitecto sr. Roel en 2008 e así o recolle a Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística.-

O sr. Presidente anuncia que se a Xunta de Galicia non rectifica nestes días, traerase a Pleno no orzamento a solución ao problema do Río Maior.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e dezaoto minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

**A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-**